

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Mariño Paz, Ramón (2013): “O sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo no galego medieval”, en Rosario Álvarez / Ana Maria Martins / Henrique Monteagudo / Maria Ana Ramos: *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 355-368.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo no galego medieval

RAMÓN MARIÑO PAZ

Universidade de Santiago de Compostela

1. Obxectivo

Procedentes, en última instancia, da desinencia latina *-STI*, nas fontes do galego medieval exploradas para a realización desta pescuda¹ detéctanse ata sete variantes diferentes para a expresión do sufixo número-persoal das segundas persoas do singular do pretérito de indicativo:

1. *-sti* (*amasti*), aínda sen abertura en *-e* do primitivo *-ī* latino, proceso que no galego medieval só se consumou tardiamente (cf. Mariño Paz 2009: 83-92);
2. *-schi* (*amaschi*), con palatalización consonántica debida quer á influencia asimilatoria do *-i* final (cf. Piel 1989: 230), quer á indución causada polos contextos en que estas formas verbais fosen seguidas de vogal, e nomeadamente a dos clíticos *o(s)*, *a(s)* (cf. Rübencamp 1932-1934: 342; Fernández Rei 1990: 87; Ferreiro 1999: 296; Mariño Paz 1998: 123);
3. *-chi* (*amachi*), como resultado dun probable proceso disimilatorio *-schi* > *-chi*;

ramon.marino.paz@usc.es

- 1 Case todos os rexistros contabilizados para este traballo foron recollidos por medio do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMLIG). Os do manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca recadáronse directamente do volume que contén a edición da *Crónica Xeral Galega* realizada por Ramón Lorenzo (TC).
- 2 Repárese en que se deu palatalización en [tʃ] tanto en voces en que houbo grupo [stj] (BĒSTIA > *bescha* > *becha*, CHĪSTIANU > medieval *creschão*, *crischão*) coma en casos nos que o que houbo foi [sti], como os topónimos *Moeche* < (VĪLLA) MŌDĒSTĪ e *Nouche* < (VĪLLA) NAUSTĪ (cf. Ferreiro 1999: 172-173; Cabeza Quiles 2008: 237, 277, 285).

4. *-ste* (*amaste*), con abertura en *-e* da vogal átona final;
5. *-sche* (*amasche*), con palatalización consonántica e abertura da vogal átona final;
6. *-che* (*amache*), como resultado dun probable proceso disimilatorio *-sche* > *-che*;
7. *-stes* (*amastes*), con adición analóxica de *-s*³.

En traballos anteriores a este (Mariño Paz 1995: 81; 2003: 213–214) mostrei como os textos do galego medio e dos inicios do século XIX revelan, de par da desaparición de *-sche* e de todas as variantes con *-i*, o predominio case absoluto da solución máis innovadora *-che*, o acusado devalo de *-ste* e a aínda lenta difusión da nova variante *-ches*, con *-s* analóxico, que no galego contemporáneo se estendeu e está a estender velozmente, sobre todo a custa de *-che*. O propósito que me guía ao elaborar este artigo é o de ofrecer datos tirados dos textos medievais que, sumados aos do galego medio e aos que a nosa dialectoloxía e outras fontes ofrecen para o galego contemporáneo, poidan permitirme ofrecer a miña visión da traxectoria diacrónica desta multiseccular variable morfolóxica da lingua galega.

2. Usos observables nas fontes medievais exploradas⁴

Sobre a base do inapelable predominio da variante *-ste* tanto na lírica profana coma na mariana, en cada unha das cales acapara arredor de dous terzos do conxunto dos rexistros anotados⁵, cómpre salientar, por minoritario que sexa, o uso de variantes con palatalización consonántica (*-sche* e *-sch*) só nas *Cantigas de Santa María*, onde alcanzan un 5,4% de representación sustentado no seu emprego en só catro das composicións da colección (as que levan os números 125, 216, 274 e 281⁶). Este dato está en liña con algo que se vén afirmando mesmo desde antes da aparición do clásico estudo de Rübecamp (1932–1934), que revelou que nas cantigas marianas afloran trazos lingüísticos caracteristicamente galegos que na *koiné* da lírica profana ou non acharon cabida ou aparecen con menor frecuen-

3 O rexistro desta variante no corpus medieval explorado é discutible, como explicarei máis adiante.

4 Estas observacións teñen como base os datos consignados nas Táboas 1 e 2.

5 Máis aínda: de agregarmos a estes os datos de *-st'*, obteríamos un 70,6% na lírica profana e un 77,5% na mariana. E, de considerarmos en conxunto as tres variantes sen palatalización consonántica, recadariamos nada menos ca o 100% na profana e o 94,6% na mariana.

6 Na 216 e na 281 *-sch(e)* coexiste con *-st(e)*. É ben sabido que nos textos galegos anteriores á estandarización iniciada na década de 1980 e, concretamente, nos textos medievais— é habitual o emprego alternante de distintas variantes adscribíbles á mesma variable lingüística.

cia⁷. Pois ben, neste antigo traballo o investigador alemán xa advertiu que «ao lado dos traços tipicamente galegos das *Cantigas* [de Santa María] [...] debemos especialmente mencionar [...] a desinêncía *-sche* em vez de *-ste*, da 2ª pes. sing. do pret. perf. simples, que não é rara nas *Cantigas* e que forma a fase anterior do galego moderno *-che*; nos Cancioneiros não há nenhum exemplo desta forma» (Rübecamp 1932-1934: 342). Direi, a xeito de puntualización, que ao meu modo de ver a variante *-sche*, se non é rara, si é polo menos moi minoritaria no cancionero mariano de Afonso X.

A considerable presenza que nestas dúas fontes poéticas atinxen as variantes que aínda manteñen *-i* en posición átona final é un trazo compartido por un texto cronoloxicamente próximo delas como é a *Crónica Xeral Galega* producida durante o reinado de Fernando IV, entre 1295 e 1312. A cercanía cronolóxica destes rexistros tórnase evidente se consideramos que as cinco documentacións de *-sti* na lírica profana se concentran en tres cantigas que, transmitidas exclusivamente a través dos apógrafos renacentistas elaborados en Italia, son obra de Afonso X (*bevisti, sofresti*, LP 18.20) e de dous trobadores activos na súa corte: Johan Garcia de Guilhade (*fezisti*, LP 70.33) e Pedr'Amigo de Sevilha (*fezisti, fuisti*, LP 116.15). Non nego, con todo, que é posible que no proceso de transmisión destas pezas se introducisen modificacións que afectasen á variable morfolóxica que estudo nestas páxinas.

Sobre a *Crónica Xeral Galega* cómpre lembrar aquí que chegou a nós a través de dous manuscritos: o 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid, de entre 1295 e 1312, e o 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca, que parece datar de finais do século XIV e só contén a tradución parcial da *Crónica General* afonsina que tamén ofrece o testemuño custodiado na Biblioteca Nacional. Segundo Lorenzo (cf. TC, vol. I: XLVII-LVII), moitas das variantes do manuscrito salmantino teñen que ver con modernizacións de distintas solucións observables no hoxe conservado en Madrid. No tocante á variación *-i > -e* como vogal átona final do sufixo verbal que estamos a estudar, o manuscrito de Salamanca presenta resultados pouco definidos, pois fronte a tres casos de modernización *-i > -e* revela dous de transformación *-e > -i* (e trece máis de mantemento de *-e*) (Táboa 3).

7 Rübecamp (1932-1934: 280) recoñeceu a Carolina Michaëlis de Vasconcellos e a Eugenio López-Aydillo como investigadores que, antes ca el, xa repararan neste feito, aínda que non o ratificaran coa achega sistemática dos datos pertinentes. Segundo Rübecamp (1932-1934: 342), como ben se sabe, «há [...] certas ligeiras diferenzas que nos permiten ver nas *Cantigas* a dirección galega da evolución lingüística, em oposição aos Cancioneiros, cujo quadro geral tem um carácter mais português».

	sti	schi	chi	ste	sche	che	stes	st'	sch'
LÍRICA PROFANA	5	0	0	11	0	0	0	1	0
CANTIGAS DE SANTA MARÍA	28	0	0	109	6	0	0	18	3
CRÓNICA XERAL GALEGA (MS. 8817 BN MADRID)	8	13	0	18	18	0	1	0	0
CRÓNICA XERAL GALEGA (MS. 2497 BU SALAMANCA)	1	0	1	8	1	7	0	0	0
GERAL ESTORIA	0	0	0	69	0	0	0	0	0
CRÓNICA TROIANA	0	0	0	14	24	0	0	0	0
HISTORIA TROIANA	0	0	0	31	0	0	0	0	0
MIRAGRES DE SANTIAGO	0	0	0	34	2	7	0	0	0
CRÓNICA DE SANTA MARÍA DE IRIA	0	0	0	4	0	0	0	0	0
TOTAL	42	13	1	298	51	14	1	19	3

TÁBOA 1. NÚMEROS DE REXISTROS DAS VARIANTES DO SUFIXO NÚMERO-PERSOAL DA P₂ DO PRETÉRITO DE INDICATIVO EN FONTES DO GALEGO MEDIEVAL

	sti	schi	chi	ste	sche	che	stes	st'	sch'
LÍRICA PROFANA	29,4	0,0	0,0	64,7	0,0	0,0	0,0	5,9	0,0
CANTIGAS DE SANTA MARÍA	17,1	0,0	0,0	66,5	3,6	0,0	0,0	11,0	1,8
CRÓNICA XERAL GALEGA (MS. 8817 BN MADRID)	13,8	22,4	0,0	31,0	31,0	0,0	1,8	0,0	0,0
CRÓNICA XERAL GALEGA (MS. 2497 BU SALAMANCA)	5,6	0,0	5,6	44,4	5,6	38,8	0,0	0,0	0,0
GERAL ESTORIA	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
CRÓNICA TROIANA	0,0	0,0	0,0	36,8	63,2	0,0	0,0	0,0	0,0
HISTORIA TROIANA	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
MIRAGRES DE SANTIAGO	0,0	0,0	0,0	79,1	4,6	16,3	0,0	0,0	0,0
CRÓNICA DE SANTA MARÍA DE IRIA	0,0	0,0	0,0	100	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
MEDIAS	9,5	3,0	0,2	67,4	11,5	3,2	0,2	4,3	0,7

TÁBOA 2⁸. PORCENTAXES DE USO DAS VARIANTES DO SUFIXO NÚMERO-PERSOAL DA P₂ DO PRETÉRITO DE INDICATIVO EN FONTES DO GALEGO MEDIEVAL

Tampouco se advirte un criterio decididamente modernizador no relativo á variación *-st-* > *-sch-* > *-cb-*, xa que non son poucos os casos en que aparecen no manuscrito de Madrid desinencias con *-st-* que non presentan palatalización no salmantino –máis tardío– e mesmo algúns outros en que a *-sch-* do primeiro lle corresponde *-st-* no segundo (Táboa 4).

8 Esta táboa realizouse a partir da análise de 442 formas verbais de P₂ do pretérito de indicativo.

	Ms. 8817	Ms. 2497
-e: -e	comische (TC 92.43) demandasche (TC 106.42) conprische (TC 114.94) posesche (TC 114.94) desche (TC 114.98) f[a]lle[ç]iste (TC 129.103) deste (TC 130.123) tolliste (TC 132.43) feziste (TC 197.63) feziste (TC 201.61) feziste (TC 240.41) feziste (TC 240.42) tomasche (TC 240.42)	comjste demandache enujaste poseche deste feçiste deche tolliste fezeche feziste feziste fecheche tomasche
-i: -e	disesti (TC 106.32-33) amaschi (TC 132.50) fezeschi (TC 240.43)	disiste amache fezeche
-e: -i	faleçische (TC 114.95) trouxeche (TC 197.61)	faliçichi trouisti

TÁBOA 3. VOGAL ÁTONA FINAL DO SUFIXO NÚMERO-PERSOAL DA P2 DO PRETÉRITO DE INDICATIVO NOS DOUS MANUSCRITOS DA *CRÓNICA XERAL GALEGA*⁹

	Ms. 8817	Ms. 2497
-st: -st-	disesti (TC 106.32-33) f[a]lle[ç]iste (TC 129.103) tolliste (TC 132.43) trouxeche (TC 197.61) feziste (TC 201.61) feziste (TC 240.41)	disiste feçiste tolliste trouisti feziste feziste
-st: -ch-	deste (TC 130.123) feziste (TC 197.63) feziste (TC 240.42)	deche fezeche fecheche
-sch: -ch-	demandasche (TC 106.42) posesche (TC 114.94) faleçische (TC 114.95) amaschi (TC 132.50) fezeschi (TC 240.43)	demandache poseche faliçichi amache fezeche
-sch: -sch-	tomasche (TC 240.42)	tomasche
-sch: -st-	comische (TC 92.43) conprische (TC 114.94) desche (TC 114.98)	comjste enujaste deste

TÁBOA 4. VARIACIÓN *-st-* > *-sch-* > *-ch-* NO SUFIXO NÚMERO-PERSOAL DA P2 DO PRETÉRITO DE INDICATIVO DOS DOUS MANUSCRITOS DA *CRÓNICA XERAL GALEGA*¹⁰

9 O número situado á esquerda do punto indica a páxina, mentres que o que está á dereita indica a liña.

10 Se non se trata dun simple erro do copista, a consoante africada palatal xorda do lexema de *fecheche* (por *fezeche*) poderíase explicar como resultado dunha asimilación anticipatoria.

Dá a sensación, por tanto, de que para a man que contra finais do xiv elaborou o manuscrito depositado na Biblioteca Universitaria de Salamanca *-sti*, *-chi*, *-ste*, *-sche* e *-che* eran –as cinco– variantes dispoñibles no galego coetáneo que ela utilizou libremente, aínda que con preferencia notoria por *-ste* e *-che*. Esta fonte, daquela, parece revelar tanto unha última resistencia á extinción das variantes con *-i* coma un visible avance das que acusaban palatalización consonántica, entre as que xa salientaba aquela que nas fontes do galego medio conservadas se había de alzar como maioritaria, *-che*, que no manuscrito de finais do trescentos aparece ata en sete dun total de dezaioito casos: *amache*, *deche*, *demandache*, *fecheche*, *fezeche* (dúas veces) e *poseche*¹¹.

A coexistencia de variantes distintas nunha mesma pasaxe, esperable nunha situación de variación lingüística non contrarrestada por ningún factor estandarizador de suficiente potencia, obsérvase en varias ocasións no manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid. Véxanse os seguintes dous fragmentos:

Tu es traydor a *Deus* et a mĩ, [ca] **feziste** matar a todoslos mouros *que* tĩjna comjgo, et **tomaschelle** todolos seus bẽes que aujã, et **feziste** a muytos *perder* cõsello et anda[r] pobres et mesquĩnos; [et] enpus ysto **fezeschi** aynda muytos tortos *que* tj eu nõ digo (TC, 240.41-44).

Et o mouro enderençou *contra* ti et tu nõno **ousaschi** atender et **uoluisti** as espadoas a fugir (TC, 626.13-14).

Con algunhas cautelas, presento tamén a que para min é a única ocorrencia certa da desinencia *-stes* para unha P2 de pretérito perfecto de indicativo en todo o corpus medieval explorado que está inequivocamente escrito en lingua galega¹²: *ousastes* (TC 628.32). Repárese en que, na seguinte pasaxe, o suxeito de *ousastes* non recibe, salvo nunha excepción (*catenuola*), o tratamento de *vós*, senón o de *tu*, como pode verse a través dos clíticos (*te*, *ti*, *tj*, *chi*), posesivos (*teus*) e formas verbais (*dizes*) que se seleccionaron para concordaren con el:

Boca maa en *que* *Deus* nõca poso uerdade, como **ousastes** soltar a [lengoa] en falar na barua do Çide? Ca a sua barua he muyto onrada et nõca foy uiltada nõ uençuda. Et *sequer* nõbra[r]te deuja, *quando* lidastes en *Cabra* çento por çeto, et derriboute do caualo et *prendeute* pela barua, et *prende*u et matou todos teus caualeyros, et leuouti *preso* en hũu rocĩ de albarda, et todolos seus caualeyros tj messarõ a barua. Et eu, *que* *aquí* estou, messey *ende* hũa muy grã polegada; et

11 Para a localización destas formas véxanse os datos consignados nas táboas 3 e 4.

12 Como explico na nota 13, hai un caso análogo nun poema en castelán con galeguismos de Alfonso Álvarez de Villasandino (ca. 1350-ca. 1424).

catenuola, ca bẽ coydo *que* ainda nõ est yguada. Poys barua messada como pode dizer mal da *que* sempre foy onrada? Et, se dizes de nõ, eu chi meterey as mãos ante el rrey, meu senhor, *que* aquí esta (TC 628.32-40).

Esta variante *-stes*, actualmente viva sobre todo no galego da zona máis occidental da provincia da Coruña e da costa sur da ría da Arousa (cf. Fernández Rei 1990: 87-88), deriva dun mecanismo de innovación analóxica tan espontáneo e estendido que, do meu punto de vista, resulta natural pensar que a súa utilización no galego oral da Idade Media debeu de ser máis frecuente do que deixa adiviñar o seu escasísimo (e discutible) emprego na lingua escrita daquela época.

Na *Crónica Troiana*, elaborada en Betanzos ou Pontedeume e acabada en 1373, só comparecen as variantes *-ste* e *-sche*, con claro predominio da segunda, que alcanza o 63,2% de representación, sobre a primeira, que só acada o 36,8%. O manuscrito a través do cal se nos transmitiu esta obra presenta dúas partes ben diferenciadas. Consonte Lorenzo (cf. CT, p. 82), a primeira, escrita polo clérigo Fernán Martís, escribán de Fernán Pérez de Andrade, está en xeral máis coidada ca a segunda e canto ás escollas lingüísticas manifesta unha preferencia clara polas variantes que son tipicamente galegas e non portuguesas. Polo contrario, Lorenzo afirma que a outra parte, escrita se cadra por máis de unha persoa, foi realizada con menos atención ca a primeira e revela unha preferencia non tan marcada polas variantes que son exclusivamente galegas, aínda que estas tamén se encontran nela (cf. CT: 116-118). No entanto, no tocante á variable sometida a estudo nestas páxinas, é a segunda parte a que presenta o perfil máis nitidamente galego, pois, ao paso que na primeira conviven *-ste* (como variante maioritaria) e *-sche*, na segunda só se atesta a solución con palatalización consonántica¹³. As limitacións das fontes de estudo dispoñibles non nos permiten dicir nada en relación coa variación diatópica que podería estar na base destes usos diferenciados.

Nos *Miragres de Santiago*, de entre finais do século XIV e principios do XV, son clara minoría, fronte a *-ste*, as variantes palatalizadas *-sche* e *-che*. Ora ben, é moi digna de atención a non desdeñable presenza (16,3%) que neste texto

13 Na parte escrita por Fernán Martís lense *acordaste* (139.7), *andaste* (139.5), *descendiste* (127.24), *enviaste* (314.8), *fezeste* (314.7,9), *feziste* (127.22, 2 veces), *fuste* (23.15), *ouueste* (139.4), *passaste* (309.60), *prometiste* (314.22), *quebrātaste* (314.8), *tomaste* (315.7) e, por outra parte, só *enviasche* (314.23), *faleçische* (314.23) e *matasche* (315.10); na outra, *achasche* (401.28), *come[ti]sche* (514.23), *desche* (401.33), *fälische* (318.83), *fezische* (401.30), *fusche* (401.26,28,29), *matasche* (514.20), *pagasche* (401.34), *podesche* (425.6,10), *quebrantasche* (401.31), *tollische* (318.83, 401.33), *tomasche* (422.8, 479.20), *uēsche* (514.24), *ueesche* (514.22), *uische* (401.29) e *uoluische* (401.29). Obsérvese que no capítulo 314 Fernán Martís fixo un uso alternante de ambas as variantes.

alcanza esta última, que, como xa dixemos, é a segunda máis usada no coetáneo manuscrito salmantino da *Crónica Xeral Galega* e tamén a que habería de tornarse maioritaria nas fontes do galego medio. Catro das sete ocorrencias desta variante *-che* nos *Miragres de Santiago* concéntranse no capítulo VIII, 15 (*cōfesa-che, fezeche* [2 veces] e *fillache*, ms, p. 201), ao paso que as outras tres están máis dispersas polo manuscrito: *conosçiche* (ms, p. 31), *mådache* (ms, p. 94) e *perdoache* (ms, p. 148). Da variante *-sche* só se contabilizan dúas ocorrencias *-chamasche* (ms, p. 212) e *seruische* (ms, p. 200)–, ao paso que as de *-ste* chegan a trinta e catro.

O testemuño que nos proporcionan outros tres textos en prosa histórica ou literaria dos séculos XIV (*Geral Estoria, Historia Troiana*) e XV (*Crónica de Santa María de Iria*) resulta pouco enriquecedor para os obxectivos desta pesquisa, xa que os tres manifestan un uso monocorde (é dicir, do 100% dos casos) da variante máis común na documentación medieval conservada: *-ste*. O mesmo acontece cos rexistros detectados no chamado *Cancioneiro galego-castelán* (CGC), algúns dos cales non poden considerarse inequivocamente galegos por apareceren en poemas de lingua híbrida galego-castelá¹⁴.

Debido á rareza con que nelas se dan os contextos comunicativos idóneos para o emprego de segundas persoas do singular de pretéritos de indicativo, o número de rexistros recompilables noutras fontes (notariais, xurídicas e relixiosas) é tan escaso que non achega matices de interese a todo canto xa vai dito. As variantes que nesas fontes recadei foron soamente dúas:

1. *-ste*: alén do seu uso constante nos *Foros de Castelo Rodrigo*¹⁵ (FCR), podemos tamén mencionar outros casos como *cuydaste* (SAS, p. 42, anos 1301-1350), *deste* (CDMO, vol. II: 1.264, ano 1306) ou *feseste* (LNAP: 157, ano 1457).
2. *-sche*: *fizische* (PP, p. 29, anos 1301-1340).

14 Nun poema escrito nun castelán trufado de galeguismos que é obra de Alfonso Álvarez de Villandino (ca. 1350-ca. 1424) e que se integra nesta fonte dáse un uso de *-stes* como desinencia dunha P2 dun pretérito de indicativo: «Non me quexo de ti agora, | Amor, si padesco mal, | pues me *distes* por sennora | noble vista angelical» (CGC, p. 183). Alvar e Pottier (1983: 204-205) sinalan que esta variante, hoxe considerada vulgar en castelán, foi moi usada por clásicos do século XVI como Garcilaso, Boscán e Valdés, pero advirten que «vulgarmente» debeu de se empregar xa con anterioridade.

15 O testemuño desta fonte cómpre tomalo con reservas posto que, como xa declarou Cintra na súa edición do texto, a súa lingua preséntase como unha «extraordinária mistura de traços galego-portugueses com leoneses, sem que seja possível indicar facilmente quais os que predominam» (in FCR: xv). Non se trata, por tanto, dun texto no que poidamos procurar con garantías información sobre as variantes en uso no galego medieval para a variable morfolóxica que neste artigo estudamos.

3. A variación diacrónica desta variable morfolóxica da lingua galega

A variante máis utilizada en toda a documentación medieval analizada é *-ste*, que atinxe máis de dous terzos de representación no conxunto dos textos considerados para a elaboración das táboas 1 e 2 (o 67,4% dos casos). Só na *Crónica Troiana*cede a primacía a outra das variantes en liza (*-sche*), ao paso que no manuscrito madrileño da *Crónica Xeral Galega* comparte a primeira posición con esta mesma variante. En tres das fontes exploradas, datables nos séculos XIV e XV, *-ste* é a única solución detectada. É moi probable que todo isto queira dicir que no galego oral do tramo final da Idade Media *-ste* foi a solución máis empregada para a expresión do sufixo número-persoal que aquí estudamos, aínda que é evidente que en certas áreas do territorio preponderarían outras variantes que terían unha distribución diatópica que hoxe non podemos precisar.

Para as variantes con *-i* en posición átona final, con minoritarias pero importantes porcentaxes de uso en textos poéticos e prosísticos do século XIII e da primeira parte do XIV, non atopei ocorrencias posteriores ás dúas (*faliçichi* e *trouuisti*) que se dan no manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca, que data de finais do trescentos. As solucións con *-e* son as únicas rexistradas en cinco textos en prosa historiográfica, literaria ou relixiosa dos séculos XIV e XV (*Geral Estoria*, *Crónica Troiana*, *Historia Troiana*, *Miragres de Santiago* e *Crónica de Santa María de Iria*).

As variantes galegas con palatalización consonántica en *-sch-*, ausentes na lírica profana, alcanzaron un uso residual nas *Cantigas de Santa María* pero maioritario no manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid e, con máis contundencia aínda, na *Crónica Troiana* acabada en 1373. As formas con *-ch-* (*-chi* ou *-che*) son de aparición serodia, pois só as vemos en dous textos de entre finais do XIV e principios do XV: o manuscrito 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca (onde acadan un 44,4% de representación) e os *Miragres de Santiago* (nos que só chegan ao 16'3%).

As contadas fontes do galego medio (séculos XVI, XVIII e XVIII) deixan albiscaar que unha destas dúas variantes con *-ch-* (*-che*) debeu de coñecer do século XV en diante un firme proceso de difusión. Formas do tipo de *pensache* son as maioritariamente empregadas nos textos desta época, nos que, con todo, tamén se encontran a variante antiga *-ste* e mais a innovadora *-ches*. Xa non se documentan neles, polo contrario, nin *-sche* nin ningunha ocorrencia dalgunha solución con *-i*. Tampouco me consta o emprego da variante *-stes* para a P2 do pretérito de

indicativo en ningunha das fontes do galego medio hoxe coñecidas, pero o seu probable rexistro na pasaxe da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) antes reproducida e a vitalidade do seu uso en certas áreas da Galicia actual indúcenme a crer sen reservas que tamén se utilizaría no galego oral dos séculos XVI, XVII e XVIII. A meu ver, apuntan tamén nesta dirección, por exemplo, o feito de que esta variante apareza nunha das cántigas contidas no *Cancionero popular gallego y en especial de la provincia de la Coruña* (1885-1886) de José Pérez Ballesteros (cf. Sánchez Rei 2006: 260) e, así mesmo, o de que, xa nos inicios do século XX, Vicente García de Diego deixase constancia do seu uso nos *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética-Morfología)* (1909): «en la segunda [persona del singular] las formas son *-ste* y *-che* < ant. *-sche*, á las cuales se les ha agregado por analogía la *s* como signo de segunda persona, originando las formas *-stes*, *-ches*» (García de Diego 1909: 115-116).

No galego oral contemporáneo (séculos XIX, XX e XXI) continúan en uso as catro variantes *-ste*, *-stes*, *-che* e *-ches*. Ao lado das dúas primeiras, hoxe minoritarias, *-che* e *-ches* utilízanse na maior parte do territorio, mais con tendencia a que *-ches* vaia desprazando *-che* cara ao leste (cf. ALGA 1: mapas 7, 54, 76, 105, 127, 144, 185, 201, 213, 224, 260, 312, 324, 360, 401 e 412; Fernández Rei 1990: 87-88). A escolla de *-ches* como a variante propia do estándar impulsado desde 1982 está supoñendo, con certeza, un significativo reforzo desta tendencia evolutiva.

Con poucos e grosos trazos, simplifícadamente, sen atención a detalles que probablemente serán xa na súa maioría irrecuperables, reflicto a variación diacrónica desta variable morfolóxica na Táboa 5. Fago nela unicamente tres grandes cortes na dimensión temporal, que son aqueles que se corresponden coas tres grandes etapas que adoitan recoñecerse no percurso histórico da lingua galega. É obvio que no interior de cada unha destas tres etapas poderían recoñecerse diferentes tramos históricos de menor duración en que se darían situacións de variación particulares. Así, por exemplo, no período medieval poderíase contemplar un treito con convivencia entre variantes con *-i* e variantes con *-e* (ata finais do século XIV, aproximadamente) e unha recta final en que só permanecerían xa as solucións acabadas en *-e*. Posteriormente conviría precisar, se fose posible, a cronoloxía da extinción de *-sche* e mais a da aparición de *-ches*. E, por súa vez, no galego contemporáneo unha indagación máis apurada ca esta debería distinguir, polo menos, unha etapa de predominio de *-che* e outra, máis tardía, que se caracterizaría pola expansión diatópica, diastrática e diafásica da alternativa *-ches*. Así e

todo, coído que esta táboa, aínda sen descender a este tipo de detalles, tampouco conduce a engano e permite captar no esencial o desenvolvemento histórico da variable que aquí estudo.

GALEGO MEDIEVAL	GALEGO MEDIO	GALEGO CONTEMPORÁNEO
stí		
schi		
chi		
ste	ste	ste
stes	[stes]	stes
sche		
che	che ches	che ches

TÁBOA 5. VARIACIÓN DIACRÓNICA DO SUFIXO NÚMERO-PERSOAL DA P2 DO PRETÉRITO DE INDICATIVO EN GALEGO

Nas columnas do galego medieval e do galego medio escribíñ con letra negra as variantes máis utilizadas na documentación conservada. Na do galego contemporáneo a letra negra distingue a solución que, de acordo co que revelan as pescudas en dialectoloxía e sociolingüística realizadas nas últimas décadas, presenta no día de hoxe unha maior potencia difusora.

A meu parecer, o que esta táboa revela é algo que, por outra parte, xa se ten dito non poucas veces: a mudanza lingüística non consiste realmente na substitución dunha variante por outra, senón na substitución dun determinado estado de variación por un estado de variación diferente. O que temos na Táboa 5, por conseguinte, é un escenario de variación diacrónica en que a mudanza se revela como a sucesiva incorporación de variantes innovadoras que durante un determinado período de tempo coexistiron con outras máis antigas que, chegado o caso, puideron chegar a ser abandonadas ou, polo contrario, permaneceron en equilibrio inestable durante moito tempo¹⁶. Ora ben, a análise doutras variables revélanos que se pode dar o caso de que unha innovación que ao primeiro coñeceu un proceso de expansión no sistema e na comunidade falante tope nun determinado momento con atrancos que a freen e que mesmo a fagan recuar. Tal foi o que ao meu xuízo aconteceu coas variantes do tipo de *cantás*, con *-s* para a expresión do sufixo número-persoal das P5 verbais:

16 Véxanse as reflexións que respecto da variación diacrónica fixo Penny (2004: 19-22).

ETAPA 1	cantatis	cantadis	cantades					
ETAPA 2			cantades	cantaðes				
ETAPA 3				cantaðes	cantaes			
ETAPA 4				cantaðes	cantaes	cantais	cantás	cantandes
ETAPA 5				cantaðes		cantais	cantás	cantandes
ETAPA 6				cantaðes		cantais		cantandes

TÁBOA 6. MODELO DE EVOLUCIÓN REGRESIVA INSPIRADO EN PENNY (2004: 21). A ETAPA 5 REPRESENTA O ESTADO DE VARIACIÓN ACTUAL E A 6 A QUE PODERÍA DARSE PROXIMAMENTE

Sabemos que hai variedades en que, tras unha época de preferencia pola variante *cantás*, esta entrou en recesión a favor da máis conservadora *cantaðes*, probablemente polos non poucos problemas de confluencia formal e por outros inconvenientes que aquela variante ocasionaba (cf. Mariño Paz 1992). Esta regresión non sería posible se nas falas de moitas localidades e de moitos individuos a variante conservadora non permanecese viva en situación de variación coa innovadora *cantás*. En cada sincronía lingüística, por tanto, houbo diversas variantes en xogo para a expresión deste sufixo número-persoal coa súa distribución diatópica, diastrática e diafásica.

Tórnase evidente, daquela, que a aparición dunha innovación nunca implica o abandono inmediato das variantes anteriormente empregadas polos falantes que a xeraron, senón a apertura dunha nova situación na que terán que convivir, se cadra por moito tempo, o vello e mais o novo¹⁷. Esta tensión non se resolverá necesariamente co triunfo da innovación e a extinción da variante ou das variantes máis antigas.

Referencias bibliográficas

ALGA I: GARCÍA, Constantino / Antón SANTAMARINA (dirs.) (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. I: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa / Instituto da Lingua Galega.

17 É obvio, por conseguinte, que cando escribimos unha cadea evolutiva como MANU > *māno* > *māo* > *man*, *ma*, *mao*-*mau* non queremos dicir que ao xurdir *māno* desaparecese decontado MANU, nin que o xurdimento de *māo* determinase o abandono instantáneo de *māno*, etc. Polo contrario, a convivencia de variantes que constatamos no galego actual (*man*, *ma*, *mao*, *mau*) tivo que darse tamén, aínda que en termos diferentes, nas sincronías pasadas do idioma, o que quere dicir que debemos tomar as ditas cadeas evolutivas como unha convención útil que nunca nos deberá inducir a esquecer a variación lingüística que con certeza se deu nas diversas sincronías pasadas.

- ALVAR, Manuel / Bernard POTTIER (1983): *Morfología histórica del español*. Madrid: Gredos.
- CABEZA QUILES, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- CDMO = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (ed.) (1989-93): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. [1989, 1989, 1993]. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- CGC = POLÍN, Ricardo (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).
- CT = LORENZO, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- FCR = CINTRA, Luís F. Lindley (1959): *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos Foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do século XIII*. Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos. Reprod. facsimilada: Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1984.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FERREIRO, Manuel (1999): *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. 4ª ed. Santiago de Compostela: Laidvento.
- GARCÍA DE DIEGO, VICENTE (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade, 1984.
- LNAP = TATO PLAZA, Fernando Rafael (ed.) (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LP = BREA LÓPEZ, Mercedes (coord. de edición) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1992): «O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*», *Cadernos de Lingua* 5: 75-97.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1995): «Estudio introductorio», in Fr. M. Sarmiento: *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 7-102.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- MARIÑO PAZ, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2009): «A vogal /i/ en posición átona final de palabra no galego medieval», *Revista de Filología Románica* 26: 71-98.
- MS = LORENZO, Ramón (ed.) (2004): *Miragres de Santiago*. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas.
- PENNY, Ralph (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- PIEL, Joseph-Maria (1989): «A flexão verbal do português (Estudo de morfología histórica)», in J.-M. Piel: *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 213-244.
- PP = *Primeira Partida*, in Arthur L.-F. ASKINS / Gemma AVENOZA / Aida Fernanda DIAS / José Ignacio PÉREZ PASCUAL / Harvey SHARRER (eds.) (1997): «Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)», *Revista de Literatura Medieval*, IX: 9-43. [O texto está nas pp. 26-28.]
- RÜBECAMP, Rudolph (1932-1934): «A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X», *Boletim de Filologia* 1 (1932): 273-356; 2 (1934): 141-152.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*. Ames: Laiovento.
- SAS: *Sobre a simonía* (fragmento), in Arthur L.-F. ASKINS / Gemma AVENOZA / Aida Fernanda DIAS / José Ignacio PÉREZ PASCUAL / Harvey SHARRER (eds.) (1997): «Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)», *Revista de Literatura Medieval*, IX: 9-43. [O texto está nas pp. 42-43.]
- TC = LORENZO, Ramón (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega [<http://ilg.usc.es/tmilg/>, setembro-decembro, 2011].